



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

### **FAGO CONSTAR:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 21 de xullo de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

#### **Praza: 25/3006**

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Tras analizar a documentación da praza 25/3006, as reclamacións presentadas por D. Miguel Lorenzo Martínez e D<sup>a</sup> Yolanda Escalante González e os informes emitidos pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, fai constar:

\_A Normativa de selección do persoal docente e investigador establece no Anexo I o Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado. No citado baremo especificase:

Todos os méritos serán valorados segundo a súa relación coa/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso, de acordo cos seguintes coeficientes: os méritos na especialidade de coñecemento multiplicaranse por 1, os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5 e os méritos en especialidades non afíns multiplicaranse por 0,1, agás no bloque IV (experiencia profesional) nas prazas de profesorado asociado en que se actuará conforme ao aí establecido.

\_Este principio figura como criterio xeral no anexo II (Modelo para establecer por parte da comisión de selección os criterios de valoración nas prazas de profesorado axudante doutor, substituto e asociado) utilizado, como é preceptivo, pola Comisión de selección para fixar os criterios de valoración específicos que contempla a normativa para as seccións I.2, III.1, III.2 e III.7.

\_Os criterios específicos da Comisión teñen que establecerse sempre "de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores", isto é, o establecemento de criterios específicos por parte da Comisión de selección é lexítimo sempre que se axusten ao indicado na Normativa e cando non contraveñan a ponderación por especialidades de coñecemento marcada como criterio xeral de obrigado cumprimento

\_Por tanto, non é posible establecer criterios específicos que contraveñan a ponderación por especialidades de coñecemento establecida no Baremo

\_A Comisión de selección aplica criterios que contraveñen o establecido na citada Normativa nas seccións I.2, III.1, III.2 e III.7, introducindo un único factor de ponderación (x 1) para os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso e reducindo os méritos que non son das especialidades de coñecemento a unha puntuación de 0.1, sen considerar as ponderacións preceptivas incluídas na norma



En virtude do anteriormente exposto, a Comisión de reclamacións acorda:

\_solicitar da Comisión de selección que corrixa a aplicación indebida do criterio de afinidade nos puntos I.2, III.1, III.2 e III.7 procedendo a valorar os méritos de todas as persoas candidatas conforme aos criterios de ponderación establecidos no baremo, a saber: multiplicar por 1 se o mérito é na especialidade da praza obxecto de concurso; por 0,5 se é nunha especialidade afín e por 0,1 se é nunha especialidade non afín

\_estimar a reclamación realizada por D. Miguel Lorenzo Martínez sobre a valoración concedida a unha das persoas candidatas por un contrato con cargo a proxecto no punto III.3 por non proceder a súa valoración xa que non se corresponde con ningún dos contratos explicitamente contemplados na Normativa, a saber, "contratos de formación predoutoral e posdoutoral correspondentes a convocatorias competitivas de carácter público: Programa de formación do profesorado universitario (FPU), Programa de formación do persoal investigador (FPI), predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva e outras de carácter equivalente" e solicitar da Comisión de selección que proceda a revisar a citada puntuación

\_solicitar da Comisión de selección a remisión da nova proposta de provisión e da táboa Excel correspondente axustada aos criterios anteriores

\_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado  
Teresa López Fernández